

Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NA TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE E ÁREA DE GOBERNO DE FONDOS EUROPEOS, MEDIO AMBIENTE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA*

**ANUNCIO**

En data 28 de xuño de 2024 ditouse a seguinte Resolución da Alcaldía:

*“DECRETO DO ALCALDE:*

*DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NA TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE E ÁREA DE GOBERNO DE FONDOS EUROPEOS, MEDIO AMBIENTE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.-*

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Delegar na Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización lingüística as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos;



Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

*A) En materia de Fondos Europeos.*

1. Impulsar a captación para o Concello de Vigo de fondos europeos.
2. Fomentar a participación do Concello de Vigo en todos aqueles proxectos e programas europeos con incidencia no desenvolvemento da cidade.
3. Coordinar as distintas concellerías delegadas identificar sinerxías no desenvolvemento dos programas con financiación procedente da Unión Europea.

*B) En materia de Medio Ambiente.*

1. Dirixir, formular e coordinar plans e programas que teñan incidencia no medio ambiente urbano (mapas de ruído, contaminación atmosférica).
2. A adopción das Ordes de Execución que proceda por razón de salubridade, e a súa execución forzosa no caso de incumprimento, polos medios legalmente previstos.
3. Fomentar e velar pola regularización das actividades industriais, mercantís, comerciais e análogas co obxecto de controlar preventivamente e de cara ao futuro o funcionamento desas actividades, acadar unha descontaminación gradual e evitar os vertidos incontrolados á rede de sumidoiros, ás augas e ás costas, no ámbito das competencias municipais. Con este mesmo fin, colaborar e achegar a cooperación activa das Administracións Públicas e Organismos Autónomos competentes, propoñendo e asinando os convenios e concertos que proceda.
4. Colaborar coas Administracións e Organismos Autónomos competentes co fin de manter e controlar os recursos hídricos e as marxes e canles dos ríos e regatos que transcorren polo termo municipal.
5. Control da contaminación atmosférica no ámbito das competencias locais.
6. Control da contaminación sonora e por vibracións no ámbito das competencias locais.
7. Exercitar as medidas precisas para evitar o abandono incontrolado de residuos no termo municipal e propoñer a rexeneración daqueles lugares que sexan ou fosen obxecto de vertidos incontrolados.
8. A xestión dos servizos de temporada que poidan establecerse nas praias, e o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, así mesmo, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada.
9. Velar pola limpeza e mantemento dos carreiros que transcorren polo termo municipal e valorar a conveniencia e oportunidade de crear novos carreiros.
10. Velar polo mantemento e conservación dos recursos naturais existentes en todo o termo municipal e en particular relativa ás especies naturais e a flora e fauna silvestre, no eido do marco de competencias municipais.



Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

11. A responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa aos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
12. As atribucións que corresponden a esta Alcaldía en relación coas reses mostrencas dentro do termo municipal.
13. Colaborar no deseño dos plans de emerxencia municipais que procedan, en especial, nos aspectos relativos a situacións de risco ambiental que se poidan presentar.
14. Propoñer as actuacións e medidas necesarias para conseguir a redución dos residuos sólidos urbanos (RSU) e a súa valorización fomentando a colaboración na recollida selectiva.
15. Desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social e aquelas que susciten a participación e colaboración activa da cidadanía en materia medioambiental.
16. Concienciar á cidadanía das consecuencias nocivas que para o medio ambiente e para a convivencia social implica o uso incorrecto de produtos e o depósito irregular e inaxeitado de RSU.
17. Inspeccionar permanentemente o correcto funcionamento medioambiental dos servizos xestionados indirectamente por concesionarios para garantir que se presten de acordo cos correspondentes Pregos de Condicións e con observancia da normativa técnica sectorial aplicable en cada caso.
18. Dirixir e xestionar o “Parque Natural das Ciencias-Vigo Zoo” integrado no Servizo de Medio Ambiente.

*C) En materia de Sanidade e Consumo.*

1. Fomentar hábitos de vida saudable na poboación.
2. Efectuar o seguimento na cidade do Plan de Saúde da Administración Autonómica propoñendo á mesma, a través da Xunta de Goberno Local, a ampliación ou mellora dos servizos sanitarios que sexan insuficientes.
3. Exercer as competencias atribuídas á administración municipal pola lexislación en materia de prevención de bebidas alcohólicas en menores de idade, en especial a potestade sancionadora que corresponda ao Alcalde.
4. Coordinar coa Administración Autonómica a inspección hixiénica e de consumo de todo tipo de produtos alimenticios que se ofrezan ao consumidor nos establecementos comerciais e especialmente nos mercados municipais de abastos.
5. Xestionar, coa Administración Autonómica, a acción de policía sanitaria de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente nos centros de alimentación, perruquerías, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade físico-deportivas e de lecer.



Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

6. Fomentar a educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e hixiene alimentaria.
7. A adopción das ordes de execución que proceda por razón de salubridade en fincas e edificios e, a súa execución forzosa no caso de incumprimento polo medios legalmente previstos.
8. Manter contacto permanente cos órganos das restantes Administracións Públicas que desenvolvan e exerzan funcións relacionadas coa saúde, a hixiene dos alimentos, a salubridade pública e a protección ao consumidor.
9. Información aos consumidores e usuarios, recepción, tramitación e resolución a través da Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC) das consultas e reclamacións relacionadas cos bens, produtos e servizos postos á súa disposición dentro do ámbito das súas competencias e a remisión destas, no seu caso, ás entidades ou organismos competentes.
10. Dirixir, xestionar, o Laboratorio Municipal para realizar os controis analíticos, o asesoramento técnico e o apoio aos diferentes departamentos do Concello, particulares e outras administracións que o precisen en aras a garantir a salubridade pública e a calidade do medio urbano.
11. Control, tratamento e prevención de pragas urbanas: desinfección, desratización e desinsectación.
12. Inspeccionar os aspectos sanitarios vinculados ás actividades relacionadas cos servizos funerarios e cemiterios no ámbito da competencia municipal e cantas outras sexan atribuídas á Alcaldía.

*D) En materia de educación.*

1. Promover a cooperación coas Administracións educativas co obxecto de lograr unha maior eficacia dos recursos destinados a educación. Elevar, a través do Consello Escolar Municipal, as propostas que considere oportunas para un mellor funcionamento e calidade do sistema educativo. Intervir, por medio dos representantes municipais, nos consellos escolares de centro e nas comisións económicas, para mellorar a vida escolar e colaborar na atención das demandas da comunidade educativa.
2. Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, vixilancia, limpeza, abastecemento de auga, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e especial propiedade do municipio.
3. Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, en colaboración coa área Política de Benestar Social e intervenir na programación das bolsas e axudas para escolares que acorde o Concello.
4. Cooperar coa administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros públicos, impulsando e coxestionando en colaboración co Servizo de Patrimonio



Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

- e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a posta a disposición ou cesión de terreos para as novas construcións educativas.
5. Xestionar e impulsar a realización de actividades extraescolares nos centros públicos, así como o establecemento de comedores e programas de acollemento de mañá no colexio ou escola e, en xeral, todas aquelas actividades que melloren a compatibilidade da vida laboral e familiar de pais e nais e permitan unha vida máis feliz a nenas e nenos.
  6. Potenciar a utilización das instalacións escolares fóra de horario lectivo e supeditadas á programación de actividades dos centros, para o seu uso deportivo, cultural, social e/ou educativo.
  7. Fomentar a participación de nais e pais na escola e apoiar á comunidade educativa de cada centro.
  8. Promover, dirixir e xestionar as escolas infantís municipais, especialmente de primeiro ciclo, en convenio coa Comunidade Autónoma. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
  9. Promover, dirixir e xestionar a rede de escolas infantís municipais 0-3 (REIM), ao abeiro do marco normativo da Comunidade Autónoma de Galicia. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisión de alumnado para cada período.
  10. Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e artes escénicas (EMMA): Escola municipal de música de Vigo (EMMV), Escola municipal de teatro (EMT), Escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD), Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) e Escola municipal de danza e percusión tradicional (EMD), así como aquelas outras que o Concello considere necesario crear. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisión de alumnado para cada período.
  11. Diseñar, dirixir e xestionar accións formativas para a educación básica de persoas adultas e, en xeral, fomentar e favorecer o desenvolvemento de actividades que axuden e propicien a formación das persoas ao longo de toda a súa vida (Life Long Learning).
  12. Impulsar accións de orientación académica e profesional, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, así como á mellor coordinación cos programas de inserción laboral que promova a correspondente área do Concello e os programas de garantía social.
  13. Cooperar coas outras administracións con competencias educativas na creación e xestión de unidades de formación do profesorado e centros de recursos de ámbito inferior á provincia.
  14. Promover a firma de convenios de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización dos programas de investigación en materias propias da área e sobre Vigo como cidade educadora. Establecer convenios de colaboración con outras entidades



Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

locais e entidades sen ánimo de lucro para promover en conxunto programas educativos ou de mellora da xestión das competencias municipais nesta área.

15. Establecer, a través da propia Concellería, ou en colaboración con outras entidades premios e concursos de carácter municipal destinados a alumnos, profesores e centros escolares.
16. Dinamizar as actuacións que se deriven do desenvolvemento dos convenios de colaboración que se celebren coa Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

*E) En materia de Normalización Lingüística.*

1. Diseñar, dirixir, implementar, coordinar e avaliar as políticas municipais en materia normalización lingüística a desenvolver polo Concello de Vigo.
2. Dirixir e coordinar o Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV)
3. Impulsar o desenvolvemento do Plan de dinamización lingüística de Vigo e velar polo seu cumprimento.
4. Dirección e xestión do Consello Municipal da Lingua.
5. Xestionar, dirixir e avaliar campañas de dinamización lingüística nos sectores socioeconómico, socioeducativo, sociolaboral, sociocultural, nos ámbitos das novas tecnoloxías da información e especialmente aquelas dirixidas á mocidade e poboación infantil.
6. Organizar, xestionar, dirixir e avaliar actuacións desenvolvidas para un maior e mellor coñecemento da lingua galega e da súa realidade sociolingüística: obradoiros de lingua, obradoiros de comunicación oral, obradoiros de dinamización sociolingüística.

CUARTO.- Delegar na Concelleira delegada de Medio Ambiente baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da Resolución de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 as competencias en materia de medio ambiente sinaladas na presente resolución.

QUINTO.- Delegar na Concelleira delegada de Educación e Normalización lingüística baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da Resolución de data 30 de xuño de 2019 e 28 de xuño de 2024 e as competencias en materia de educación sinaladas na presente resolución. Así mesmo delégase na concelleira delegada a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

SEXTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.



Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

OITAVO.- Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

NOVENO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

DÉCIMO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRO.-Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

SGF

Vigo na data de sinatura dixital

O ALCALDE-PRESIDENTE, ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

